



Antes do recital no Rosalía os participantes se congregaron en María Pita

SUSY SUÁREZ

más

■ A manifestación poética de onte se pensou como un “recoñecemento común”. Por iso, na convocatoria se animaba a ler as letras de Pereiro, pero tamén a participar con instrumentos musicais, carteis ou calquera outra forma de recordo. Antes de chegar ó Rosalía, en plena plaza de María Pita, una chuvia de octavillas caía sobre as cabezas dos presentes. Manuel Rivas lanzaba algúns dos versos escollidos do autor no pasarrúas que desembocaría nun Pasodoble de Pontearreas aberto ó ceo a cargo da Banda Municipal.

LETRAS GALEGAS > Una manifestación poética colectiva recupera a voz do escritor cun pasarrúas e un recital colectivo no teatro Rosalía

Lois Pereiro, de boca en boca

REDACCIÓN > A CORUÑA

■ Recordaba Lino Braxe que o teatro Rosalía, o mesmo que onte recuperaba a voz de Lois Pereiro a través dos seus, foi o lugar onde algúns dos presentes no acto organizado na súa memoria coñeceron os versos deste poeta singular, a quen este ano se dedica o Día das Letras Galegas. Leu dous textos propios, “Dandi” e “Narcisismo”, sobre aquel mesmo escenario, e onte, o seu irmán Xosé Manuel Pereiro elexía o segundo, “obviamente”, para dar a saída ó recital organizado como “acto de celebración e de vida na dor”.

Por iso, a elección do Rosalía para rematar a manifestación poética en ho-

menaxe ó autor non foi, como destaca Braxe, azarosa.

“**Rebumbio**” > Antes de coller o micro para dar voz ós poemas do autor, os familiares e amigos e seguidores se citaran en María Pita, para percorrer a distancia ata o teatro nunha marcha reivindicativa e tamén festiva. Xa dentro do auditorio, o “rebumbio”, que é como o mantedor do acto, Lino Braxe, definía a organización “anacrónica, ácrata e imposible” da lectura. Primeiro o irmán toma a palabra. Despois, o resto da familia. A partir de aí, o micro vai “rulando” de man en man polas butacas, de poema en poema.

Esa era a intención da iniciativa, crear un recital aberto a todo o que quixera estar. E eran moitos os que estaban; desde os promotores da idea, Manuel Rivas e o propio Braxe, xunto co irmán do escritor, ata os colaboradores, como a concelleira María Xosé Bravo, en representación do goberno local, ou Cesáreo Sánchez á cabeza da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

E todos os demáis. Poetas e non poetas, coñecidos e descoñecidos. Espontáneos incluso. Recuperando textos de “Luisón” ou lendo liñas propias dedicadas ao escritor que viviu na Coruña os seus últimos anos. Tocados polo “Vento Lois”.